

Adenda da programación didáctica

2º ESO

FRANCÉS - SEGUNDA LINGUA ESTRANXEIRA

Segundo o establecido na ORDE do 27 de decembro de 2022 de modificación da Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE:

1. Introducción e contextualización.
2. Avaliación e cualificación.
 - 2.1 Metodoloxía e actividades para o período final do terceiro trimestre.
 - 2.2 Metodoloxía, actividades e medidas para atención a diversidade (acnee).
3. Información e difusión.

1. Introducción e contextualización:

A Orde do 27 de decembro de 2022 fixo que tiveramos que adaptar as programacións didácticas da etapa da ESO aos cambios que dela derivan.

A normativa establece que o alumnado da ESO ten dereito a tres avaliacións parciais e a unha avaliación final. Polo tanto os departamentos teñen que organizar as distintas *actividades de recuperación* para o alumnado que non superara algunha parte dunha materia.

Isto realizarase sempre antes da data establecida no centro para a sesión de avaliación parcial e final, que se levarán a cabo nunha mesma e única sesión.

O grupo de 2º ESO está composto por dez alumnos e alumnas, mais un deles está exento de Francés. O resto do alumnado non precisou adaptación nin reforzo para afrontar a materia.

Polo tanto, seguindo a Orde da consellería citada anteriormente, procederemos a describir a maneira na que se afrontarán as últimas sesións do presente curso.

2. Avaliación e cualificación.

2.1 Metodoloxía e actividades previstas para o período final do terceiro trimestre.

Antes de rematar o terceiro trimestre, o alumnado que non teña superada a materia unha vez realizada a media das tres avaliacións – tendo en conta que a terceira é a de maior peso – deberá realizar os exames, traballos e probas do(s) trimestre(s) no(s) que conte cunha nota inferior a 5, onde se inclúe tamén o terceiro trimestre en curso. Para levar a cabo a recuperación das partes suspensas, dedicaranse as clases correspondentes á materia, e se fora necesario, no caso dos traballos e entregas, habería a posibilidade de facelos ou rematalos dende a casa.

O alumnado que teña aprobada a materia (cunha nota mínima de 5) tras realizar todas as probas, exames e entregas pertencentes ao último trimestre, continuará co traballo ata o último día de clase, o cal se terá en conta para a nota final da materia.

2.2 Metodoloxía, actividades e medidas para atención a diversidade (acnee).

O alumnado que necesite reforzo, terá unha atención, dedicación e material adaptado (de ser preciso), coa finalidade de que poida chegar a alcanzar os obxectivos da materia.

2. Información e difusión.

O alumnado que teña que recuperar a materia ou parte dela recibirá un informe individualizado a principios do mes de xuño, no que se lle especificará o xeito e contido da materia pendente.

Estas modificacións comunicaranse ao alumnado verbalmente, e publicaranse tamén na Aula Virtual do grupo en cuestión. Do mesmo xeito, será unha información pública que quedará a disposición de toda a comunidade educativa na páxina *web* do centro.